



DATOS IDENTIFICATIVOS

Arte: Linguaxes e técnicas artísticas

Materia	Arte: Linguaxes e técnicas artísticas			
Código	004G741V01203			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Nodar Fernández, Victoriano			
Profesorado	Nodar Fernández, Victoriano			
Correo-e	vnodar@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	<p>A materia que se presenta baixo o título de Linguaxes e técnicas artísticas, non se presenta como unha historia da arte no sentido estrito do concepto, se non que, indo máis alá do contido histórico, reúne unha serie de conceptos básicos que o futuro historiador da arte debe coñecer.</p> <p>O obxectivo fundamental é aproximar ao estudante que se inicia na titulación, á comprensión do fenómeno artístico dende a análise ou lectura formal dos elementos primordiais de expresión que constitúen cada unha das artes. Así obteríanse uns coñecementos que permitirían a reconstrución tan obxectiva como sexa posible de todos aqueles aspectos que contribúan a coñecer e comprender a forma e a función orixinal das obras de arte para, en cursos posteriores, poder ser estudadas en relación coas circunstancias nas que foron realizadas.</p> <p>Desta forma, a materia organízase como un compendio de contidos orientados a promover a reflexión sobre a natureza e función da obra de arte e sobre as peculiaridades das distintas linguaxes artísticas.</p> <p>Unha inevitable delimitación de campos científicos determina que a materia se centre na análise das distintas linguaxes tradicionais, dende a arquitectura ás chamadas artes visuais e decorativas.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: arquitectura, escultura, pintura e artes menores, os seus elementos integrantes, finalidade e destino.	
Coñecemento e comprensión dos diferentes materiais, técnicas e procedementos artísticos e dos valores formais e expresivos que as vehiculan.	
Adquisición e dominio da terminoloxía artística específica.	
Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e os datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar.	
Comprensión das principais creacións, solucións e elementos do mundo clásico.	
Manexo das fontes iconográficas e a súa aplicación para a interpretación e correcta lectura da obra de arte	

Contidos

Tema	
1. Teoría e linguaxe da arquitectura	1.1. Elementos formais do espacio arquitectónico 1.2. Función, símbolo e tipoloxías arquitectónicas 1.3. Tratados de arquitectura

2. Artes visuais e decorativas	2.1. A arte da escultura: materiais, procedementos técnicos e plásticos, función e significado 2.2. A arte da pintura: elementos formais e plásticos. As técnicas pictóricas e as súas posibilidades 2.3. Fontes literarias e técnicas
3. As artes decorativas e suntuarias	3.1. Fontes e técnicas das artes decorativas: materiais, elaboración e evolución histórica.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	24	10	34
Eventos científicos	4	20	24
Saídas de estudo	4	10	14
Traballo tutelado	3	20	23
Obradoiro	4	10	14
Seminario	5	5	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	12	14
Observación sistemática	1	1	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións previas orientadas á presentación do desenvolvemento da materia e toma de contacto co alumnado
Lección maxistral	Exposición na aula por parte do profesor dos contidos teóricos da materia con apoio de material gráfico e didáctico
Eventos científicos	Saídas programadas para asistir a actividades docentes e divulgativas organizadas por especialistas de institucións museísticas. Reservaranse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía de xeito que computan nas actividades dirixidas.
Saídas de estudo	Práctica de campo para o estudo in situ das planimetrías e tipoloxías arquitectónicas e dos diferentes xéneros artísticos
Traballo tutelado	Realización e exposición por parte do estudante dun traballo individual tutelado, relacionado cos contidos da materia, iniciándose no manexo das fontes bibliográficas, documentais e literarias
Obradoiro	Actividades prácticas orientadas á planificación dos traballos tutelados e á súa exposición así como outros aspectos complementarios da materia.
Seminario	Atención titorizada en grupo para a atención e resolución de aspectos derivados da aprendizaxe

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na orientación dos métodos de traballo e estudo, a resolución de dúbidas e o seguimento das labores individuais. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.
Seminario	A atención personalizada consistirá na orientación dos métodos de traballo e estudo, a resolución de dúbidas e o seguimento das labores individuais. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.
Obradoiro	A atención personalizada consistirá na orientación dos métodos de traballo e estudo, a resolución de dúbidas e o seguimento das labores individuais. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo tutelado	Os traballos tutelados serán avaliados en función do interese, bibliografía e metodoloxía empregada, así como dos recursos empregados na súa presentación. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Aprendizaxe e lectura crítica e integral da obra de arte, tendo en conta a complexidade das súas diferentes interpretacións e significados. Manexo das fontes iconográficas e a súa aplicación para a interpretación e correcta lectura da obra de arte. Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos artísticos básicos.	20
Obradoiro	As prácticas realizadas nos obradoiros serán avaliadas mediante a entrega dos exercicios realizados nas diferentes sesións de traballo. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos fundamentos da arte e das técnicas artísticas. Comprensión das diferentes técnicas artísticas utilizadas nas obras de arte.	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta curta. Para superar esta proba é necesario obter un mínimo de 5 puntos (sobre os 10 do total). Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico. Coñecemento e comprensión dos diferentes materiais, técnicas e procedementos artísticos e dos valores formais e expresivos. Adquisición e dominio da terminoloxía artística específica.	40
Observación sistemática	Valoración do traballo autónomo do alumnado a través de comenatrios de obras de arte desde o punto de vista técnico. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e os datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar.	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta longa de carácter transversal na que terá que relacionar diferentes contidos e ideas do temario. Para superar a materia, é necesario acadar nesta proba unha cualificación mínima de 5 puntos (sobre os 10 do total). Con isto o alumno dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecer as técnicas artísticas como resultado dun complexo proceso.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollen á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados de aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe de nota. O seguimento individualizado da participación dos alumnos a través das TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade de necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo). Serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BONET CORREA, Antonio, **Historia de las artes aplicadas e industriales en España**, 2ª, Catedra, 2006

BOZAL, Valeriano, **El lenguaje artístico**, 1ª, Península, 1970

CALABRESE, Omar, **El lenguaje del arte**, Reimp., Paidós, 2003

CARMONA MUELA, Juan, **Iconografía de los santos**, Reimp., Akal, 2008

FATÁS, Guillermo, BORRÁS, Gonzalo M., **Diccionario de términos de arte y elementos de arqueología, heráldica y numismática**, 4ª, Alianza, 2012

Bibliografía Complementaria

CALABRESE, Omar, **Cómo se lee una obra de arte**, Cátedra, 1999

CARMONA MUELA, Juan, **Iconografía cristiana**, 4ª reimp., Akal, 2016

DOERNER, Max, **Los materiales de pintura y su empleo en el arte**, 6ª, Reverté, 2011

MALTESE, Corrado, **Las técnicas artísticas**, Reimp., Cátedra, 2006

MONREAL Y TEJADA, Luis, **Iconografía del cristianismo**, 2ª reimp., Acantilado, 2014

WITTKOWER, Wittkower, **La escultura: procesos y principios**, Reimp., Alianza, 2006

VV.AA., **Diccionario visual de términos de arte**, Reimp., Cátedra, 2015

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndaselle ao alumno a familiarización cun léxico de termos e voces de arte e arquitectura para a comprensión das diferentes disciplinas de Historia da Arte.

Ao longo do curso entregarase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.
